

Expediente: 942/2025

Asunto: Oferta e Bases de Selección contratación laboral temporal dunha persoa moza inscrita no Sistema nacional de garantía xuvenil 2025

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN POSTO DE PEÓN FORESTAL AO ABEIRO DA ORDE DO 13 DE AGOSTO DE 2025 (GARANTÍA XUVENIL), código de procedemento TR350E, publicadas no DOG núm. 160 de 22 de agosto de 2025.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a provisión, mediante concurso-oposición, dun posto de peón forestal en base á Resolución da *Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE + Galicia 2021 - 2027 (código de procedemento TR350E) (DOG núm. 160 do 22 de agosto de 2025)*, expdte. de concesión da subvención núm. TR350E 2025/0016-00.

A praza convocada ofértase nas seguintes condicións:

Posto traballo:Peón forestal

Código ocupación: CNO 95431028

N.º de traballadores/as:1

Modalidade contractual:Contrato de traballo de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos_Modelo 406

Duración do contrato:9 meses

Xornada: Completa

Custos salariais brutos (inclue prorrateo das pagas extraordinarias):1381,330 €/mes

Custos Seg. Social: 488,58 €/mes

Darase publicidade á presente oferta de traballo mediante a súa publicación no Taboleiro de Edictos do Concello, na sede electrónica do Concello e na seguinte dirección web:
www.asneves.gal



A selección efectuarase mediante a correspondente oferta na Oficina de Emprego de Ponteareas. Os/as candidatos/as presentaranse no Concello o día que sexan convocados/as aportando a documentación requirida nas presentes bases. O sistema de selección será o de concurso-oposición.

SEGUNDA.- PUBLICIDADE

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na súa sede electrónica <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/> . O taboleiro de anuncios da Casa do Concello, a súa Sede electrónica, será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases

TERCEIRA.-REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte no proceso de selección será necesario reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, e que estean debidamente xustificadas.

Requisitos xerais:

- Ter a nacionalidade española ou atoparse o eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público.
- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias das prazas obxecto desta convocatoria.
- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Non estar afectado/a por ningunha causa de incapacidade nin por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións pública
- Posuír o título de certificado de escolaridade, equivalente ou superior.

Requisitos específicos:

Dacordo co Artigo 29.2 da ORDE do 13 de agosto de 2025, as persoas mozas traballadoras que sexan contratadas para a realización dos servizos polos que se outorgue a subvención deberán cumprir, en todo caso, os requisitos seguintes no momento da selección e da formalización do contrato de traballo:





- Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil, de conformidade co artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- Ser desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- **Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Ademais, para ser beneficiarias desta medida, as persoas mozas deberán constar como inscritas e beneficiarias no ficheiro do SNGX, así como **cumprir os requisitos de non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior ao momento de recibir a actuación**, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, e polo Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo.

Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego que busca incrementar a empregabilidade das persoas mozas desempregadas, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas; As persoas mozas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

BASE CUARTA. SISTEMA DE SELECCIÓN:

O Concello das Neves presentará a correspondente oferta de emprego na Oficina de Emprego de Ponteareas, facendo referencia aos requisitos e características que debe reunir o/a traballador/a que se contratará, polo que as persoas candidatas deberán estar incluídas na listaxe da sondaxe que o Servizo Público de Emprego remita ao Concello das Neves, logo da realización da oferta pública correspondente de conformidade coa Orde do 13 de agosto de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para *Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil*, na súa convocatoria para o exercicio do ano 2025.

A Oficina de Emprego de Ponteareas notificará ás persoas candidatas preseleccionadas a oferta de emprego e achegaralle información da documentación que se presentará no Concello. A Oficina de Emprego de Ponteareas remitirá ao Concello de As Neves a listaxe con todas as persoas candidatas propostas, que será trasladado ao Tribunal de selección. A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.



BASE QUINTA .- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Recibidos os/as candidatos/as remitidos polo Servizo Publico de Emprego de Galicia para tomar parte nas probas selectivas, estes serán convocados para a acreditación dos criterios de valoración desta convocatoria.

O sistema de selección será o concurso-oposición. Na fase de concurso valoraranse os criterios reflexados na convocatoria. A fase de oposición consistirá na realización dunha proba práctica a proposita do Tribunal, directamente relacionada co desempeño do posto de traballo.

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, como data límite o día que sexan convocados pola Oficina de Emprego.

O horario de presentación de documentación no rexistro municipal é de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas.

Documentación obrigatoria a presentar:

- 1.- Copia do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade e personalidade
- 2.- Solicitud. Anexo I
- 3.-Relación de méritos que alega e documentación **xustificativa** de cada un deles.
- 4.-Anexo II
- 6.-Certificado de períodos de inscrición como demandante de emprego.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros aritméticos, materiais ou de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse no prazo outorgado ao efecto, ben de oficio, ben a instancia de parte.

BASE SEXTA – PROCEDEMENTO SELECTIVO

O Concello de As Neves solicitará un número de persoas candidatas non inferior a dúas, nin superior a dez, mediante presentación da correspondente oferta de emprego na Oficina de Emprego de Pontearas, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán.

A Oficina de Emprego de Pontearas notificará aos candidatos preseleccionados a oferta de emprego e nesta notificación achegarlle información da documentación que se presentará no Concello.



A Oficina de Emprego de Pontareas remitirá ao Concello de As Neves un informe con tódolos candidatos propostos e notificados, que será trasladado ao Tribunal de selección.

Recibidas as persoas candidatas remitidas polo Servizo Publico de Emprego de Galicia para tomar parte nas probas selectivas, estes serán convocados para a acreditación dos criterios de valoración desta convocatoria.

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello. A persoa candidata deberá presentar, como data límite, no día en que sexa convocados pola Oficina de Emprego, a documentación requirida para poder participar no proceso selectivo.

O procedemento de selección será o de concurso-oposición e constará de dúas fases. A primeira fase consistirá nunha proba práctica, relacionada coas actividades propias da praza ofertada e terá carácter obrigatorio. A segunda fase consistirá na baremación dos méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

1ª FASE.-Proba práctica de carácter obrigatorio:

Será preciso facer unha proba de carácter práctico que será obrigatoria, a fixar polo tribunal en relación coas funcións do posto. A puntuación máxima acadable pola proba de carácter práctico, valorándose de **0 a 5 puntos**.

2ª FASE. Baremación de méritos:

Dacordo co Artigo 29.6 da ORDE do 13 de agosto de 2025: *Terán preferencia na selección a través da oficina de emprego as persoas con maiores dificultades para a inserción laboral, por esta orde: as persoas con discapacidade, aspersoas trans e as persoas en risco de exclusión social, e a continuación, as persoas desempregadas mozas que participasen nos últimos 3 anos (2023-2024-2025) en programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (código de procedemento TR353B, polo que os criterios de valoración establecidos son os seguintes:*

Persoas con discapacidade	0,50 puntos
Persoas trans	0,40 puntos
Persoas en risco de exclusión social	0,30 puntos
Persoas desempregadas que participasen nos últimos 3 anos (2023-2024-2025) en programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil	0,25 puntos

Antigüidade como demandante de emprego máximo **1,50 puntos**, a razón de 0,05 puntos por cada mes en situación de desemprego. Acreditarase mediante certificado de períodos de inscrición emitido pola Oficina de Emprego, ou outra documentación de valor probatorio.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo deberán posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data e deberán acreditarse documentalmente.



O tribunal cualificador poderá requirir-lles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación os extremos recollidos na documentación presentada así como cantas precisións estimen oportunas.

En caso de empate, seleccionaráse a persoa que teña máis antigüidade como demandante de emprego. En caso de renuncia, pasará a ser seleccionado o seguinte candidato/a con maior puntuación presentado.

BASE SÉTIMA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará os méritos alegados no concurso terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros (presidente/a, secretario/a, con voz e voto e tres vocais).

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación cá esixida ós aspirantes ás praza convocada.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quen se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á Sra. alcaldesa, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou se realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a, este último con voz e voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

BASE OITAVA.- Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o Tribunal de selección formulará a correspondente proposta de designación a favor do/a candidato/a que obtivese a maior puntuación, quedando en lista de reserva os/as candidatos/as que reunindo tódolos requisitos, obtivesen menor puntuación.

En caso de renuncia, procederase ó chamamento da seguinte persoa, da lista de reserva, por rigurosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos da *Orde do 13 de agosto de 2025*

No momento de formalización do contrato será preciso aportar os documentos orixinais, no caso de que non se fixera no momento da solicitude.



O Sr. Alcalde procederá a asinar coa persoa seleccionada o corresponde *contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego*.

Tal como establece a orde de convocatoria, con carácter xeral, cando se produza a extinción do contrato antes de que remate o período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, a entidade local beneficiaria poderá contratar outra persoa en substitución daquela que causou baixa durante o tempo que reste para que remate o período subvencionado, sempre que a contratación se produza dentro dos 30 días seguintes ao da baixa na Seguridade Social da inicialmente contratada.

No suposto de baixas temporais que se prevexa que sexan de duración superior a 30 días, a substitución só será posible logo de comunicación á Secretaría Xeral de Emprego Relacións Laborais.

BASE NOVENA. INTERPRETACIÓN DAS BASES.

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e ós/ás aspirantes que participen no proceso. O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que plantexen a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas naqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

BASE DÉCIMA. NORMA FINAL.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo xeito, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.



ANEXO I
MODELO DE INSTANCIA

Nome e apelidos	
DNI	
Enderezo	
Localidade	
Provincia	
Teléfono	

Recibindo convocatoria do Servizo Público de Emprego, para a selección do seguinte posto de traballo: **PEÓN FORESTAL**, contratado ao abeiro da *Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil*

DECLARA:

- a) Que coñezo e acepto íntegramente o contido das bases de convocatoria, e reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas mesmas, facéndome responsable da veracidade da documentación que achego.
- b) Que solicito ser admitido/da a esta selección e comprométome a someterme ás Bases que o regulan.
- c) Que me comprometo a aportar no seu día os documentos acreditativos que se me requiran.

Polo exposto e declarado,

SOLICITA: Que tendo por presentada esta solicitude e documentación que achega coa mesma, sexa admitido/a ao proceso selectivo indicado.

Documentos que achega coa instancia:

DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.

Declaración Xurada, conforme Anexo II,

Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.





Protección de Datos

INFORMACIÓN ADICIONAL (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.A. REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS E CONSENTIMENTO) Concello das Neves (Responsable do Tratamento)

☐ (*) Presto o meu consentimento para a xestión desta solicitude e actuacións administrativas pertinentes, así como do tratamento de datos para poder formar partes do proceso selectivo para o posto ofertado, tanto dos datos da propia solicitude así como da documentación que achego, acepto que ditos datos sexan utilizados para as actuacións administrativas pertinentes e o envío de información de interese xeral, tamén son informado/a neste intre e nas bases desta convocatoria en canto o tratamento e custodia dos datos persoais recabados polo Responsable de Tratamento e digo aceptar o fin da xestión de selección de persoal e a información básica sobre protección de datos deste Responsable de Tratamento (Concello das Neves), sendo a lexitimación o consentimento do/a solicitante.

Información relativa a tratamento e Protección de Datos (RXPd) e (LOPDGDD): En cumprimento da **Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)** e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPd, informámoslle que os seus datos, serán incorporado o **Rexistro de Actividades de Tratamento de Perosoal**, o tratamento dos seus datos farémolo co único fin da xestión e trámite do súa solicitude. No tratamento dos datos aplicaránse as políticas de seguridade que establece o ENS e RXPd, información do tratamento que pode consultar en: <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/privacy.1> tamén pode exercer os dereitos que establece o RXPd dirixindo solicitude a este Responsable de Tratamento en **Praza da Cristiandade 1, AS NEVES (36440) (Pontevedra)** ou vía mail: concello@asneves.gal a, atención da Delegada de Protección Datos, facendo referencia o dereito que desexa exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

(*) marcar cun X no caso afirmativo.

....., de do 2025

(Sinatura do/a solicitante)

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE AS NEVES



ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nome e apelidos	
DNI	
Enderezo	
Localidade	
Provincia	
Teléfono	

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico-psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, non estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

No caso de ter nacionalidade doutro Estado, declaro igualmente que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente, que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

As Neves, _____

Asdo.

